

FILOSOFÍA I

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñecer e comprender algúns dos problemas que, en relación ó ser humano, o coñecemento, a acción e a vida na sociedade suxire á filosofía.
- Comprender os problemas filosóficos fundamentais, recoñecendo as súas características máis relevantes e empregando con propiedade os conceptos e termos utilizados na súa análise e discusión.
- Integrar os diversos ámbitos da experiencia humana e relacionar en profundidade conceptos e problemas de distintos campos da cultura e de diferentes formas de saber.
- Argumentar a reflexión filosófica persoal, expresala oralmente e por escrito con claridade, coherencia e rigor, e contrastala con outras posturas ou perspectivas filosóficas.
- Analizar textos filosóficos identificando os problemas que presentan, así como os argumentos e solucións propostas.
- Integrar a formación obtida a partir das diferentes fontes, procedendo á súa elaboración e utilización crítica.
- Utilizar procedementos básicos para o traballo intelectual: busca de información, contraste, análise, síntese e avaliación crítica da mesma, prestando especial atención ó rigor intelectual na formulación e no desenvolvemento dos problemas.
- Comprender que a razón é unha capacidade privilexiada para regular a acción humana e para enfocar as relacións sociais como relacións entre individuos autónomos que poden debater as súas diferencias a través do diálogo e a libre expresión das súas ideas.
- Reflexionar sobre as opinións, posicións filosóficas ou crenzas dos outros e aprecialas como un modo de enriquecer, clarificar ou poñer a proba os propios puntos de vista.
- Interesarse polos problemas que afectan ós individuos e ós grupos sociais, mostrando actitudes de sensibilidade crítica fronte ás inxustizas, ás desigualdades e á marxinación.
- Distinguir e valorar os intentos por construír unha sociedade a escala mundial baseada no respecto dos dereitos humanos individuais e colectivos, na convivencia pacífica e na defensa da natureza, e adoptar unha actitude crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais.

DISTRIBUCIÓN TEMÁTICA

TEMA 1: A dimensión natural, cultural e histórica do home.

OBXECTIVOS

- Coñecer as dúas perspectivas fundamentais dende as que se enfocou o problema da orixe do universo e da vida.
- Ser capaz de citar as principais teorías evolucionistas, así como coñecer as súas afirmacións fundamentais.
- Saber sinalar algunhas das diferencias específicas entre o animal e o ser humano.
- Expresar con precisión a diferenza entre "proceso de hominización" e "proceso de humanización".
- Analizar o proceso de aparición e constitución do ser humano.
- Comprender o cambio que supón o modelo evolucionista na concepción do mundo e do home, así como nas relacións deste último cos demais seres e coa Natureza.
- Constatar e distinguir a interacción existente entre as compoñentes xenéticas e culturais do comportamento humano.
- Comprender que a necesidade da cultura vén urxida polas carencias da nosa natureza.
- Citar os trazos fundamentais da cultura.
- Saber establecer a relación entre cultura, sociedade e aprendizaxe.
- Analizar criticamente as diferentes actitudes que están a darse diante do feito do multiculturalismo.

CONTIDOS

a. Conceptuais:

- Explicacións preevolucionistas.
- Explicacións evolucionistas.
- Fases e factores evolutivos da especie humana.
- Dinámica da cultura.
- Etnocentrismo e relativismo cultural.
- ¿Diversidade ou converxencia cultural?.
- A polémica sobre a posmodernidade.
- Historicidade do ser humano e concepcións da historia.

b. Procedimentais:

- Utilización de técnicas básicas de traballo intelectual: mapas conceptuais, busca de información, contrastación, análise, síntese, formulación de hipóteses, resumos, cadros comparativos,

exemplos, formular preguntas, uso correcto da terminoloxía, redaccións, etc.

- Realización en equipo de pequenos traballos de investigación, atendendo á metodoloxía, presentación e orde nos mesmos

c. Actitudinais:

- Adoptar unha actitude crítica, tolerante e respectuosa cos temas e teorías que se traten na aula e coas opinións dos compañeiros e compañeiras
- Sentir que compartimos a vida co resto dos seres da natureza e que nos necesitamos todos
- Predisposición cara a unha visión dinámica da realidade.
- Curiosidade e respecto polas diversas manifestacións da vida.
- Ser conscientes de que no ser humano os trazos naturais están sempre dalgún xeito contaminados pola cultura na que nos desenvolvemos
- Darse conta de que a humanidade se recibe por socialización
- Actitude crítica pero tolerante con respecto ás culturas diferentes
- Saber controlar a nosa posible tendencia etnocéntrica, tendo unha actitude crítica respecto á propia cultura
- Intentar que a vida cultural non supoña rexeitamento e afastamento da natureza
- Procurar non atribuír posibles desigualdades sociais coma se fosen produtos naturais e universais, tal como sucedeu historicamente cos roles de xénero.

TEMA 2: O ser humano e os seus límites.

OBXECTIVOS

- Entender e valorar a verdadeira dimensión da existencia humana.
- Recoñecer os aspectos conscientes e inconscientes da nosa personalidade
- Ser capaz de precisar en qué consisten as respostas dualistas e as respostas monistas no tocante á comprensión do individuo humano
- Ser capaces de explicar a relación entre os niveis físico-químico, biolóxico e psíquico, pero sinalando a novidade de cada nivel.
- Comprender as diversas formulacións filosóficas ante temas como a liberdade, a relación corpo-mente, a morte...
- Establecer paralelismos e diferencias entre cerebro e ordenador

CONTIDOS

a. Conceptuais:

A natureza racional, imaxinativa e afectiva do ser humano.

Os conceptos de razón, imaxinación, afecto e paixón..

Relación imaxinación –razón.

Concepto de mente.

Mente e consciencia.

Mente e inconsciente: introducción á teoría psicanalítica.

- O problema "mente-corpo"
- As respostas dualistas
- As respostas monistas
- O ser humano multidimensional.
- Atención. Sensación. Percepción
- Intelixencia humana e pensamento
- Formación e desenvolvemento da intelixencia humana.
- Relación entre aprendizaxe, intelixencia e memoria.
- Aproximación a noción de liberdade.
- Ausencia/existencia de liberdade.
- Especificidade da morte humana e concepcións da morte.

b. Procedimentais:

- Preparación e realización de debates sobre temas tratados ou cuestións controvertidas, expoñendo as propias opinións e tentando sempre de fomentar a coherencia e o rigor na expresión e na argumentación das ideas
- Recoñecemento dos elementos que integran os procesos cognitivos. Realización de fichas, resumos e esquemas conceptuais
- Análises de textos identificando a idea principal e as solucións propostas

c. Actitudinais:

- Asumir criticamente a nosa socialización dualista.
- Valorar e respectar a nosa realidade corporal e material.
- Ter unha actitude de respecto coas persoas que teñen unha visión do ser humano distinta da nosa.
- Saber valorar nos seus xustos termos as funcións que realizan as chamadas "máquinas intelixentes".
- Darse conta e recoñecer o feito da maduración gradual do cerebro e da conducta tanto no individuo humano coma noutras especies.
- Tomar conciencia da importancia que teñen as actuais investigacións sobre o cerebro.

TEMA 3: O coñecemento e o problema da verdade.

OBXECTIVOS

- Adoptar unha actitude crítica fronte o dogmatismo e o escepticismo radical.
- Establecer diferencias entre as distintas clases de coñecemento.
- Manter actitude crítica fronte a criterios impostos.
- Promover individuos conscientes fronte a manipulación ao tempo que se converten en autores de información.
- Promover a auténtica comunicación. Toma de conciencia da educación coma un dereito.

CONTIDOS

a. Conceptuais:

- Concepto de coñecemento. Epistemoloxía
- coñecemento teórico
- Distintos sentidos do termo verdade.
- Criterios para recoñecer a verdade empírica.
- A construción social do coñecemento.
- A manipulación social do coñecemento.
- A repercusión social do coñecemento.
- Insuficiencia dos criterios para recoñecer a verdade.
- Actitudes ante a posibilidade do coñecemento.

b. Procedimentais:

- Potenciación do diálogo e da participación activa de todo o alumnado no desenvolvemento da clase da materia de Filosofía. Dentro deste contexto é preciso favorecer os debates, fomentando deste xeito a capacidade de reflexión e comprensión do alumnado.
- Utilización da razón na análise da realidade cotiá e no tratamento das propias ideas.
- Análise de textos filosóficos breves identificando os problemas que suxiren, as argumentacións que utilizan e as solucións que propoñen.
- Emprego de diferentes técnicas como busca de información, mapas conceptuais, cadros comparativos, exemplos, resumos, redaccións, formulación de hipóteses, análise e síntese.

c. Actitudinais:

- Adoptar unha actitude crítica, tolerante e respectuosa cos temas que se tratan na aula e coas opinións dos compañeiros e compañeiras.
- Dar importancia ó traballo en equipo e ó saber respectar as ideas dos demais.
- Recoñecer os límites da razón humana.
- Estimar a utilidade do pensamento filosófico nos tempos actuais.
- Esforzarse en expresar os seus pensamentos con rigor e claridade nun proceso de auténtica comunicación.

TEMA 4: As formas de coñecemento.**OBXECTIVOS**

- Comprender as características do saber científico e a súa relación cos saberes mítico e filosófico.
- Analizar e valorar o papel da ciencia no desenvolvemento da humanidade.
- Iniciarse na comprensión das características do pensamento científico e filosófico.
- Diferenciar as características básicas das ciencias empíricas e das ciencias formais.
- Comprender os elementos e fases básicas dos métodos científicos.
- Reflexionar sobre a importancia da técnica na evolución da humanidade.

CONTIDOS**a. Conceptuais:**

- O coñecemento mitolóxico.
- O coñecemento ordinario.
- Orixe da filosofía
- ¿Qué é a filosofía?
- Actualidade da filosofía.
- Noción e clasificación das ciencias
- Clasificación das ciencias
- Hipóteses, leis e teorías científicas
- Os métodos científicos
- Os paradigmas de Kuhn
- Anarquismo epistemolóxico de Feyerabend.
- Relacións entre a ciencia e a filosofía.
- Consideracións sobre o avance da ciencia.
- As visións da realidade nas primeiras cosmoloxías e nas cosmoloxías modernas. Principios cosmovisións científicas.

b. Procedimentais:

- Comparación dos distintos niveis de coñecemento humano.
- Diferenciar distintos métodos de investigación científica, elaborando mapas conceptuais.
- Análise dos factores que propiciaron a revolución moderna da ciencia por medio de textos.
- Utilización y comprensión del vocabulario básico da filosofía da ciencia.

c. Actitudinais:

- Valoración dos elementos da experiencia e da razón que contribúen á creación do coñecemento científico.
- Valoración da imaxinación creadora e do traballo en equipo para o desenvolvemento da ciencia.
- Aprecio das achegas da ciencia á busca da verdade sobre a realidade.
- Recoñecemento do carácter provisional dos contidos científicos.
- Aprecio das contribucións da ciencia e filosofía para a comprensión do mundo.
- Valoración dos factores subxectivos e obxectivos que interveñen no proceso de coñecemento racional.

TEMA 5: A estrutura lóxica do coñecemento.

OBXECTIVOS

- Argumentar os discursos persoais con rigor e coherencia lóxica.
- Adquirir conciencia da necesidade de utilizar a razón criticamente na organización das actividades e proxectos do ser humano.
 - Adquirir as técnicas básicas da deducción natural
 - Afianzar a reflexión crítica e o pensamento autónomo.
 - Distinguir os trazos básicos do coñecemento sensible e do coñecemento racional.
 - Valorar o papel da linguaxe nos procesos de coñecemento da realidade.
- Argumentar os discursos persoais con rigor e coherencia lóxica.

CONTIDOS

a. Conceptuais:

- coñecemento e a linguaxe
- Relacións entre o pensamento e a linguaxe
- Clases de linguaxes.
- A linguaxe lóxica.
- As falacias.
- Linguaxe ordinaria e linguaxe formal. Tipos de lóxica.
- Elementos e propiedades dunha linguaxe formal.
- Lóxica proposicional
- Signos da lóxica proposicional
- Regras de formación e clases de expresións proposicionais
- Valores de verdade das constantes lóxicas. (Táboas de verdade)
- Definición dunhas conectivas por outras equivalentes
- As leis lóxicas
- Métodos e sistemas de dedución na lóxica proposicional
- A dedución natural

b. Procedimentais:

- Manexo de símbolos lóxicos e construción de fórmulas proposicionais.
- Construción de táboas de verdade.
- Resolución de problemas de dedución natural.
- Elaboración de definicións e establecemento de relacións entre conceptos.
- Resolución de exercicios.

c. Actitudinais:

- Valoración positiva do coñecemento racional.
- Ser conscientes da necesidade de utilizar a razón criticamente na organización das actividades e proxectos do ser humano.
- Valoración positiva da necesidade de someterse a un método de traballo.
- Interese polos problemas lóxicos e afianzamento de habilidades lóxicas.
- Valorar positivamente o pensamento sometido ás leis lóxicas.

TEMA 6: A actividade productiva e a técnica.

OBXECTIVOS

- Analizar o concepto de traballo.

- Diferenciar as características do traballo nas sociedades precapitalistas e no capitalismo
- Relacionar tecnoloxía e traballo
- Analizar a actual crise do traballo e os factores que a desencadearon.
- Precisar o que se entende por Estado de benestar e a crise pola que pasa na actualidade.
- Valorar outras formas de racionalidade distintas da tecnolóxica.

CONTIDOS

a. Conceptuais:

- A actividade productiva: o traballo
- Traballo nas sociedades precapitalistas.
- Traballo no capitalismo
- A economía de mercado no capitalismo avanzado
- Ciencia e técnica
- Evolución da ciencia e da técnica
- Técnica, tecnoloxía e tecnociencia
- Cambio de racionalidade
- Traballo e tecnoloxía.
- Repercusións medioambientais.
- Repercusións sociais.
- Traballo e o desemprego: o Estado do benestar

b. Procedimentais:

- Preparación e realización de debates sobre temas tratados ou cuestións controvertidas, expoñendo as propias opinións e tentando sempre de fomentar a coherencia e o rigor na expresión e na argumentación das ideas.
- Análise de textos destacando as ideas principais e proponendo posicións alternativas
- Análise de producións tecnolóxicas concretas e avaliación destas.

c. Actitudinais:

- Valoración do traballo humano e responsabilidade ante o mesmo.
- Sensibilidade cara ó problema do paro e o desemprego.
- Toma de conciencia ante a desigual participación dos pobos nos avances tecnolóxicos.
- Interese polos problemas ecolóxicos.

TEMA 7: A actividade estética.

OBXECTIVOS

- Diferenciar entre accións productivas e estéticas.
- Apreciar as compoñentes básicas da experiencia estética: contemplación, obxectos sensibles, compoñente emocional subxectiva e pretensións de obxectividade.
- Amosar a evolución do concepto de arte.
- Analizar as diferentes formas de entender a experiencia estética nalgúns clásicos do pensamento
- Precisar as diferencias entre forma e contido da obra de arte
- Desenvolver criterios para avaliar unha obra de arte

CONTIDOS

Conceptuais

- As accións estéticas e as accións productivas
- A experiencia estética.
- O xuízo estético.
- Beleza e fealdade. Dificultade de definición.
- A acción estética: a arte.
- Evolución do concepto de arte.
- Funcións da arte.
- Como se avalía unha obra de arte
- As artes contemporáneas e a crise da arte

b. Procedimentais:

- Preparación e realización de debates sobre temas tratados ou cuestións controvertidas, expoñendo as propias opinións e tentando sempre de fomentar a coherencia e o rigor na expresión e na argumentación das ideas.
- Análise de textos destacando as ideas principais e proponiendo posicións alternativas
- Análise de producións artísticas concretas e avaliación destas.

c. Actitudinais:

- Crítica e de apertura fronte ás producións artísticas.
- Curiosidade polas distintas técnicas da arte.
- Interese por desenvolver as propias capacidades artísticas.

TEMA 8: A acción moral e a súa fundamentación.

OBXECTIVOS

- Constatar as diferencias entre Ética e Moral.
- Comprender o que significa a estrutura moral do ser humano.
- Diferenciar entre determinismos e condicionantes da liberdade.
- Precisar a noción de valor moral
- Entender o que significa ser suxeito de dereitos e deberes.
- Analizar o papel da razón como guía rectora da conducta humana na Grecia clásica.
- Precisar o concepto de pracer en Epicuro.
- Entender os seguintes conceptos da moral kantiana: boa vontade, puro deber, moral formal e imperativo categórico.
- Sinalar os trazos fundamentais do utilitarismo e pragmatismo.
- Citar as razóns fundamentais da crítica que fai Nietzsche á moral cristiá.
- Comprender a explicación freudiana da xénese da moral.

CONTIDOS

a. Conceptuais:

- A Ética e a Moral
- A liberdade como condición da moralidade.
- Norma e valor moral.
- O intelectualismo ético socrático
- O universalismo platónico fronte a ética dos sofistas
- A ética da felicidade aristotélica
- O pracer como norma: Epicuro
- Ética formal kantiana
- Utilitarismo e pragmatismo
- Éticas revolucionarias: Marx, Nietzsche e Freud
- Ética contractualista e neocontractualista.
- Algúns problemas éticos actuais.

b. Procedimentais:

- Preparación e realización de debates sobre temas tratados ou cuestións controvertidas, expoñendo as propias opinións e tentando sempre de fomentar a coherencia e o rigor na expresión e na argumentación das ideas
- Elaboración de mapas conceptuais.
- Traballo con textos, definindo conceptos e obtendo as ideas básicas dos diferentes autores.

c. Actitudinais:

- Ser conscientes da autonomía e heteronomía das normas, co fin de facilitar unha mellor convivencia social.
- Actitude de diálogo e busca de consenso como formas de solucionar conflitos e problemas de valoracións morais.
- Comprensión do valor da razón na construción de teorías morais.
- Recoñecemento da importancia dos distintos niveis de evolución moral nas persoas.

TEMA 9: Individuo e sociedade : o proceso de socialización

OBXECTIVOS

- Adquirir conciencia da dimensión social do ser humano
- Articular e relacionar os conceptos: Dereito, Lei, obrigação, deber, ben común, xustiza e os seus valores respectivos.
- Distinguir entre legalidade e lexitimidade.
- Coñecer o fundamento dos dereitos humanos, a súa universalidade e a súa importancia nas sociedades actuais.
- Diferenciar entre “normalidade social” e “desviación social”
- Analizar as distintas funcións que cumpren as normas sociais. Saber definir o *proceso de socialización*, as súas etapas, axentes e mecanismos.
- Entender o concepto de aprendizaxe e diferenciar os modelos básicos

CONTIDOS

a. Conceptuais:

- A sociabilidade do ser humano.
- Cooperación e agresividade.
- Harmonía e desharmonía social.
- Definición, mecanismos e axentes de socialización.
- Proceso de socialización.
- A identidade grupal.
- Tensións na relación individuo-sociedade.
- Harmonía na relación individuo-sociedade.
- Socialización e aprendizaxe
- Tipos de aprendizaxe

b. Procedimentais:

- Traballo con textos, definindo conceptos e obtendo as ideas básicas dos diferentes autores
- Traballo con prensa, recollida e análise de novas referidas aos procesos de socialización, enculturación, aculturación...
- Exposición oral dalgún aspecto concreto destes temas
- Interpretación de mapas conceptuais.
- Realización de esquemas dos modelos e aprendizaxe e exemplificacións.

c. Actitudinais:

- Ser capaces de valorar os distintos axentes de socialización e ter unha actitude crítica cos actuais medios de comunicación.
- Rexeitamento da violencia e uso de estratexias tendentes a evitar tensións no grupo solucionando os conflitos con procedementos dialóxicos.
- Evitación de conductas que produzan marxinação tanto entre os compañeiros da aula e do centro como no seu entorno vital.

TEMA 10: Orde e cambio social.

OBXECTIVOS

- Adquirir conciencia de que a sociedade non é un simple conglomerado de individuos, senón un todo interconectado e con unidade.
- Entender o carácter dinámico de toda organización social.
- Valorar a necesidade de normas que aseguren a convivencia social.
- Comprender a natureza convencional das institucións sociais.
- Utilizar con propiedade termos do ámbito da socioloxía.

CONTIDOS

a. Conceptuais:

- A sociedade como sistema.
- Evolución histórica dos sistemas sociais.
- Concepto de estrutura social.
- Os grupos sociais.
- As normas sociais.
- As institucións.
- A cohesión social.
- Transformación social.
- Tipos de cambio social.

- Factores do cambio social.

b.Procedimentais:

- Realización de actividades, exercicios, comentarios de textos, composicións e debates.
- Utilización de datos históricos, que poñan de manifesto a realidade do cambio social.
- Integrar procedementos sociolóxicos, como a realización de enquisas, na reflexión de problemas filosóficos.

c.Actitudinais:

- Interese por comprender as transformacións sociais, económicas e políticas do mundo actual.
- Valoración positiva do dereito e a xustiza democráticos como formas de regulación da convivencia.
- Rexeitamento da violencia e uso de estratexias tendentes a evitar tensións no grupo solucionando os conflitos con procedementos dialóxicos.
- Evitación de conductas xenófobas, sexistas.
- Actitude positiva e solidaria fronte a problemas como a inmigración, grupos de maiores, etc

TEMA 11: A lexitimación do poder e as leis.

OBXECTIVOS

- Desenvolver unha actitude crítica sobre o poder do Estado e sobre o uso do concepto de democracia.
- Cuestionar a lexitimidade ou non das revolucións violentas.
- Entender a importancia da sociedade civil nas sociedades democráticas actuais.
- Comparar e valorar as diferentes teorías contractualistas e os modelos políticos que xustifican.
- Valorar os diferentes sistemas políticos existentes
- Coñecer e comprender as características básicas do pensamento utópico, así como as súas funcións

CONTIDOS

a. Conceptuais:

- Legalidade e lexitimidade: Dereito e xustiza

- A anomia
- A desobediencia
- Orixe e lexitimidade do poder
- O poder político: O Estado
- O modelo contractualista clásico.
- Os modelos actuais de contrato social.
- Formas de organización política
- Estado, sociedade e nación
- O goberno e as súas formas
- A democracia como forma de organización política
- A orixe, desenvolvemento e crise do Estado de benestar
- Aproximación ó concepto de utopía

b. Procedimentais:

- Exame das diversas formas de sociedade.
- Investigación sobre o cambio de mentalidade con relación ós novos ideais: pacifismo, ecoloxía, feminismo, etc.
- Potenciación da participación, do diálogo e do respecto ás opinións dos demais entre o alumnado da clase.

c. Actitudinais:

- Actitude reflexiva ante as actuacións do poder político.
- Estimación das nosas propias capacidades, racional e imaxinativa, como compoñentes indispensables do pensamento crítico e solidario.
- Comprensión da necesidade das utopías e dos ideais.
- Percepción das anomias da nosa sociedade, así como das súas causas e consecuencias.
- Adopción dunha actitude de respecto ás leis xustas, sendo ó mesmo tempo críticos cos abusos na aplicación das mesmas.
- Rexeitamento cara a leis ilexítimas, que suporían o abuso do poder político sobre os cidadáns.
- Respecto polos Dereitos humanos como horizonte último capaz de lexitimar as leis.

TEMPORALIZACIÓN

O desigual reparto de horas lectivas que teñen as avaliacións e a diferente amplitude e dificultade de contidos dos temas fan recomendable a seguinte distribución, aínda que circunstancias sobrevidas durante o curso poden facer recomendables algunhas modificacións.

PRIMEIRA AVALIACIÓN: Temas 1 ó 4
SEGUNDA AVALIACIÓN: Temas 5 ó 8
TERCEIRA AVALIACIÓN: Temas 8 ó 11

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Traballar organizada e eficazmente en equipo nas tarefas propostas
- Definir e explicar coas propias palabras o significado dos diferentes termos e expresións
- Realizar algunha investigación acerca dalgún aspecto concreto dos temas tratados
- Resolver problemas de dedución natural, coa finalidade de comprobar se o alumnado adquiriu capacidades para expresar con coherencia lóxica os seus propios razoamentos e detectar posibles falacias nos razoamentos alleos.
- Realizar os exercicios e actividades propostos nas diferentes unidades didácticas. Deste xeito, pódese comprobar a capacidade de aplicar a teoría á resolución práctica de problemas concretos.
- Recoñecer nos medios de comunicación distintos ámbitos de problemas éticos e sociais
- Interpretar correctamente un texto identificando as ideas centrais do mesmo
- Elaborar e interpretar correctamente mapas conceptuais
- Comprender en diferentes obras algunhas das características da experiencia estética
- Progresar na comprensión e uso correcto dos conceptos básicos.
- Comprender e establecer relacións entre os conceptos fundamentais.
- Realizar unha composición filosófica sobre un tema tratado na clase.
- Manter unha actitude de interese pola aprendizaxe intentando acadar os contidos actitudinais.
- Comprensión e exposición das ideas centrais das lecturas estipuladas.

CONTIDOS MÍNIMOS

Interpretación e resumo correcto dun texto.

Actitude de atención e diálogo.

Coñecemento e comprensión aínda que a nivel básico de:

Diferencia entre: hominización e hominización, filoxénese e ontoxénese, darwinismo e lamarckismo. Factores da hominización.

Natureza e cultura.

Comprensión de dualismo e monismo aplicados á concepción do ser humano

Teorías da percepción. Definición de intelixencia e desenvolvemento segundo Piaget.

Saber filosófico. Saber científico. Clasificación das ciencias. Diferenciación dos métodos inductivo, deductivo, hipotético-deductivo. Progreso científico. Paradigma. Teoría. Hipótese. Lei. Criterios de verdade

Linguaxe formal. Táboas de verdade. Regras de inferencia.

Traballo. Alienación. Tecnoloxía. Diferentes valoracións ó longo da historia.

Criterios de avaliación da arte. Mímese, catarse. Formalismo, moralismo.

Diferencia: ética e moral. Legalidade, moralidade. Condicións da moralidade. Ética material e formal. Imperativo categórico

Socialización e axentes de socialización. Aprendizaxe respondente e operante.

Teorías contractualistas.

Diferencia entre estado, nación e goberno.

Democracia representativa e participativa.

